


## Trazos da coherencia. A progresión temática



Esta propiedade refírese á **relación das ideas** no texto, de xeito que este debe ter **unidade** temática e **orde** lóxica. Ou sexa: as ideas deben seguir un mesmo tema e facer que a información vaia medrando. Hai coherencia nun texto se:

- a información avanza en relación co dito, mantendo o tema,
- as ideas non entran en contradición,
- non hai repetición innecesaria da información,
- non está ausente información clave,
- a organización do texto responde a un xénero textual (nota, correo electrónico...).

A coherencia é a propiedade que imprime significado global ao texto: un tema como fío condutor, unha escolla pertinente e non contraditoria da información e unha atinada organización desta.

Os **principais erros** que cómpre evitar:

- O engadido de información irrelevante.
- A repetición innecesaria que imposibilita a progresión mediante información nova.
- A ruptura da estrutura do tipo ou do xénero textual.

A **progresión temática** é o mecanismo que permite que a información avance ao establecer relación entre o que se coñece e o que non. Parte da información presuposta ou coñecida situada ao inicio (**Tema**) para incorporar información nova (**Rema**). As posibilidades de progresión son tres: tema constante ou continuo, tema lineal ou en cadea e temas derivados ou con hipertema.

- **Progresión de tema constante:** o tema repítese para ir engadindo diversa información nova sobre el. T1 – R1 (T1) – R2 (T1) – R3 ...  
*Emil Hansen (T1) naceu en 1867 en Nolde, na fronteira entre Alemaña e Dinamarca (R1). En 1902 [T1] cambiou o seu apelido polo da súa vila de orixe. (R2)*
- **Progresión de tipo lineal:** o rema pasa a converterse en tema da seguinte parte, e así sucesivamente concatenados. T1 – R1 (R1=T2) – R2 (R2=T3) – R3 ...  
*Nolde (T1) está considerado como un dos grandes representantes do expresionismo alemán (R1). Esta corrente (R1=T2) desenvolveuse a principios do século XX... (R2)*
- **Progresión de temas derivados:** a partir dun tema xeral, aparecen outros cos seus respectivos remas. T0 = T1 – R1 T2 – R2 T3 – R3 ...  
*O esqueleto humano (T0) divídese en cabeza, tronco e extremidades (R0). Na cabeza (T1) sitúase o cráneo... (R1). O tronco (T2) está formado por... (R2)*

## Actividades

1. **Mellora** este "texto" descomposto, no que se resente sobre todo a coherencia.

Cando cheguei de Venecia comecei a traballar. Tomei un café nunha das súas prazas máis famosas. Fun de viaxe a Venecia. Un volve con moita enerxía despois das vacacións. Encantoume moverme en góndola e percorrer as súas rúas. Marabillosas vacacións! Traballo nunha xestoría e sufrín moitos problemas laborais no último mes. A miña avoa tamén lle encanta o café veneciano. Nunca saíra de Triacastela, lugar onde atoparon restos do «león das cavernas» na coñecida como cova de Eirós. Viaxei en avión por primeira vez para ir a Italia.

2. **Modifica** a progresión de tema constante que se aprecia nestas oracións de Fernández del Riego de xeito que na reescrita observemos a lineal ou en cadea.

Fixen o primeiro curso en Madrid, no ano 1930-31. Asistín alí a todos os preludios da proclamación da República, vivín intensamente aquel ambiente, desde o ámbito universitario.

3. **Que** tema lle imprime unidade a un texto que inclúa as seguintes ideas e que tipo de progresión da información debe ser a principal?

- Unha lingua cooficial minorizada non está nas mesmas condicións sociais que a dominante, de aí a necesidade de promoción desde as institucións.
- A discriminación positiva é a implementación de accións positivas ante a desigualdade para lle dar presenza social ao que antes foi excluído.
- A promoción e devolución de espazos sociais á lingua propia territorial non implica a anulación de dereitos para as persoas que empregan outra oficial.
- As políticas lingüísticas, tamén as de inmersión na educación, forman parte do marco constitucional e teñen a cobertura do Tribunal Constitucional.
- O modelo vasco de ensino mostra que as familias optan de xeito maioritario pola inmersión en éuscaro.
- En Galicia o decreto de plurilingüismo no ensino asigna unhas materias ao galego como lingua vehicular e outras -de maior prestixio- ao castelán.
- A “libre elección” da lingua só se pode efectuar se se teñen boas competencias en ambas as linguas oficiais.
- Ao remate da ESO, un 35% do alumnado galego non desenvolveu competencias suficientes en galego, o que contravén as indicacións lexislativas.
- A aprendizaxe de varias linguas desde a infancia, cousa que garante a inmersión, achega vantaxes cognitivas, segundo apuntan diferentes estudos.

4. **De que tipo** pode ser este parágrafo? Por que razón?

*A tipoloxía do intrusismo na medicina é moi variopinta. Hai quen falsifica o título polos seus propios medios; polo xeral, trátase de quen non ten valor para confesar que non conseguiu doutorarse. Hai tamén quen o compra a falsificadores organizados, como a Universidade Pro Face, da que se falou recentemente na prensa. E non falta quen desprezia olímpicamente o título e exerce a profesión sen se inscribir no Colexio Profesional.*

5. **Crea** un único parágrafo -de comparación-contraste- no que amoses a túa preferencia por unha cidade, contraponéndoa a outra mediante categorías como 'organización' ou 'arquitectura'.

6. **Mellora** a seguinte "oración-parágrafo".

*Que a primeira universidade privada no noso país vaia ser criada por un banco de capital foráneo a quen se lle vendeu a prezo de saldos a rede de caixas de aforros públicas, previa confiscación e privatización do noso capital colectivo, e que o seu futuro reitor sexa curmán do dono desa entidade bancaria, é xa todo un mal presaxio, aínda máis cando a devandita máxima autoridade do negocio afirma, nunha premonitoria declaración de principios, que as leis públicas son “o auténtico freo á mudanza, á innovación e á investigación”.*

# Lingua galega e literatura, 1º BAC. O texto expositivo

## Esquemas ou patróns principais

| ESQUEMAS                                       | Como é                                                                                                                                                                                     | Exemplo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Descritivo</b><br>(Enumeración)             | Diferentes elementos / características dun sistema, organismo...<br>Pode seguir unha orde espacial.<br>el. 1 -----<br>el. 2 -----<br>...                                                   | Hai <b>moitas situacións</b> que levan unha persoa ou grupo a emigrar. <b>Entre elas</b> están as condicións políticas adversas, como as que se dan nos réximes ditatoriais. <b>Tamén</b> é importante a precariedade económica e a procura dunhas condicións de vida dignas...                                                 |
| <b>Secuencial</b><br>(Narración)               | Sucesivos momentos dun fenómeno, proceso, etc. Orde fundamentalmente temporal.<br>$1 > 2 > 3 > 4...$                                                                                       | O val de Melilla comezou a construírse <b>en 1998</b> . <b>Ao comezo</b> era un só valado, mais <b>despois</b> situáronse dous paralelos de 3 metros de altura. <b>En 2005</b> eleváronse ata os 6 metros e instaláronse arames con coitelas. <b>En 2013</b> ...                                                                |
| <b>Comparativo</b><br>(Semellanza - Contraste) | Semellanzas e/ou diferenzas entre feitos, situacións... Márcanse con expresións como <i>tal como</i> , <i>en cambio</i> , <i>polo contrario</i> ...<br>A --- B<br>a1 - b1<br>a2 - b2       | Migrantes e refuxiados poden empregar <b>as mesmas</b> rutas e medios de transporte, pero responden a motivacións ben <b>distintas</b> . Os migrantes elixen desprazarse para mellorar as súas vidas. <b>En cambio</b> , os refuxiados teñen que saír da súa terra para poñer a salvo as súas vidas ou preservar a liberdade... |
| <b>Causal</b><br>(Causa - Consecuencia)        | Relacións de tipo causal entre feitos ou elementos. Presenza de marcadores causais e consecutivos: <i>posto que</i> , <i>polo tanto</i> , <i>daquela</i> , <i>así</i> ...<br>A ... ⇔ B ... | Os gobernos do Occidente opulento controlan as vagas de refuxiados mesmo atentando contra os Dereitos Humanos. <b>Porque</b> non lles interesa asumir a súa responsabilidade nos conflitos internacionais nin dedicar recursos a enfrontar necesidades. <b>É así que</b> acordan con países do contorno...                      |
| <b>Problema – solución</b>                     | Presentación dunha situación problema -podendo apuntar causas e consecuencias- e da(s) súa(s) posible(s) solución(s).<br>A ⇔ B ...                                                         | O envellecemento da poboación europea preocupa cada vez máis. A capacidade dos Estados para manter os servizos sociais e as pensións, co actual modelo económico, mingua ano a ano. <b>Unha alternativa</b> a esta situación é o favorecemento da entrada no mercado de traballo de persoas inmigrantes...                      |

## Alguns recursos da exposición

- Definición e caracterización** (determinanse/describíense trazos básicos; refírese a, denomínase, constitúe, é...)
- Clasificación** (ordénase a información; por un lado, por outro, hai tres X: a, b, c)
- Exemplificación** (concrétase, ofrécense exemplos; por exemplo, como...)
- Aclaración e reformulación** (aclárase, dise con outras palabras; é dicir, isto é...)
- Relación de causas ou consecuencias** (organízanse motivos nunha serie; existen varios factores...)
- Outros: **pregunta – resposta**, **analogía**, **apoio gráfico**...

**QUE É UN XEOPARQUE?**  
Un Xeoparque é unha figura recoñecida pola UNESCO que pon en valor o singular patrimonio xeolóxico dun territorio.  
Existen 3 principios fundamentais: patrimonio xeolóxico notable, xeoconservación e desenvolvemento local.  
Un xeoparque non é un espazo natural protexido, pois non implica a protección xenérica do territorio nin unha regulación de usos, aínda que os lugares de interese xeolóxico (LIX) deben contar con medidas de protección e de xestión.

**PROXECTO DE XEOPARQUE DE CABO ORTEGAL**  
O Complexo de Cabo Ortegal é un referente na xeoloxía española e europea. Este complexo está constituído principalmente por materiais alóctonos, emprazados nun lugar distinto ao da súa orixe. Visitar esta zona é facer unha viaxe ao interior da Terra xa que poucos lugares do mundo teñen o privilexio de mostrar as rochas deste xeito. Aquí están os considerados como maiores afloramentos mundiais de ecloxitas e piroxenitas, e unha presenza destacada de rochas ultramáficas e distintos tipos de granulitas. Forman parte do proxecto do Xeoparque de Cabo Ortegal os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño.

**LUGAR DE INTERESE XEOLÓXICO (LIX) E GEOSITES**  
Un LIX é unha zona xeolóxica única polo seu interese científico ou divulgativo catalogada para a súa promoción e protección.  
Existen multitude de lugares de interese xeolóxico na área que comprende o proxecto do Xeoparque, algúns deles catalogados como lugares de interese xeolóxico internacional (Geosite), como por exemplo a **Punta dos Agullóns (Cabo Ortegal)** (GM001d) (Geosite OV004d) e tamén a **zona do Monte Mazanteo** (GM001e) (Geosite OV004e).

**Definición**  
**Exemplificación**  
**Clasificación - enumeración**  
**Aclaración**  
**Apoio gráfico, analogía**

**Marcadores textuais (conectores):** axudan a sinalar a orde dos enunciados e a súa relación





## Actividades

1. Identifícase o **esquema ou patrón** dos seguintes textos e os seus **recursos** expositivos.

### Os músculos

Os animais, a diferenza das plantas, necesitan “algo” para mover os ósos. Ese algo son os músculos, órganos fibrosos cuxas contraccións producen todos os movementos do animal. É dicir, son os responsables de que o esqueleto se mova. En xeral, son vermellos, brandos e fibrosos, e están unidos aos ósos por medio dos tendóns.

Hai tres tipos de músculos. Por un lado, están os estriados, que son voluntarios e os encargados de accionar o movemento. En segundo lugar, os lisos, que forman as paredes das vísceras e non están baixo o control da vontade. E, finalmente, os cardíacos, presentes unicamente no corazón.

Podemos nomear, por exemplo, o bíceps, músculo estriado responsable de flexionar o brazo. Ou os músculos lisos que recobren o tracto gastrointestinal e interveñen nas contraccións de peristaltismo.

[Axuda en [remexer.com/textomarcas/recursosexplicativos.html](http://remexer.com/textomarcas/recursosexplicativos.html)]

## Por que nos pode doer a cabeza cando vemos filmes en 3D?

Redacción | *Faro de Vigo*

Científicos da Universidade Estatal de Lomonosov en Moscova (Rusia) detectaron que nos filmes en 3D existen algunhas escenas “erróneas” ou “imperfectas” que poderían ser as responsábeis de que moitos espectadores teñan dor de cabeza cando terminan de velas. Segundo estes especialistas, as cefaleas adoitan deberse á reacción do cerebro a determinadas imaxes “erradas” que chegan aos dous ollos ao mesmo tempo e, aínda que o cerebro necesita combinalas para producir un efecto en 3D, non sempre ten éxito.

Os científicos rusos atribúen estes erros ás imperfeccións dos

equipos de reprodución ou a certas deficiencias na metrxaxe dos filmes. O primeiro caso podería explicarse pola necesidade natural dos distribuidores de reducir gastos, o que levaría a empregar lentes de peor calidade e proxectores baratos; na segunda categoría poderíanse incluír motivos máis complexos que non sempre son detectábeis e previsíbeis, como por exemplo os problemas na reorganización das escenas en que aparecen mudados fotogramas de esquerda e dereita.

En moitos filmes de terror tamén detectaron gran cantidade de erros técnicos de diversa índole, mais neste caso os científicos rusos atribúen as deficiencias ao baixo orzamento destes produtos.

[Axuda en [remexer.com/textomarcas/recursosexplicativos2.html](http://remexer.com/textomarcas/recursosexplicativos2.html)]

2. Realízade unha **análise** dos trazos da exposición destacábeis deste fragmento. Logo **introduce** un marcador textual que reforce o esquema ou patrón textual.

*Nas últimas décadas do século XX, moitos músicos galegos comezaron a considerar que a música galega era polo menos parcialmente “céltica” en orixe, de maneira que procuraron influencias nas músicas de Irlanda e Escocia, así como da Bretaña francesa. A pesar de que esta relación é moi discutida, o resultado foi a proxección internacional da nosa música, coincidindo cun espallamento xeral da música tradicional como contestación ás máis comerciais.*

*Milladoiro, Uxía Senlle, que comezara con Na Lúa, Luar na Lubre, o gaiteiro Carlos Núñez e Berrogüetto foron quen máis teñen popularizado a música galega, a nivel estatal e internacional. Outros gaiteiros modernos son Xosé Manuel Budiño, Susana Seivane e Cristina Pato. A aparición destas dúas mulleres no mundo da gaita rompeu definitivamente coa visión estritamente masculina do gaiteiro. Outra muller con grande proxección é Mercedes Peón, posuidora dunha potente voz e que afonda tanto na reivindicación da tradición como na súa reinterpretación en linguaxes musicais modernas. Tamén xurdiron grupos de pandeireteiras de recoñecido prestixio, como Leilía e agrupacións de gaiteiros como Treixadura.*

Wikipedia, “Música tradicional galega”